

ACTA Nº 7/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

En Paradelas, a vinte e oito de xullo de 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Non asiste a sr. Concelleira D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, que xustificou a súa ausencia por mor dunha viaxe.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DE DATA 11 DE XUÑO DE 2011 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 15 DE XULLO DE 2011.

Polo Sr. Tenente Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión Constitutiva da Corporación celebrada o día 11 de xuño de 2011, e a acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno en data 15 de xullo de 2011, das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión Constitutiva da Corporación celebrada o día 11 de xuño de 2011, e a acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno en data 15 de xullo de 2011.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos dez Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), que asisten á sesión, sendo once o número legal de membros.

2º-. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

3º-. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N° 13/2011, PRIMEIRO BAIXO A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Por parte do Sr. Alcalde-Presidente, procédese a dar lectura á seguinte proposta:

“Vista a publicación do Real Decreto-lei 8/2010 de 20 de maio, polo que se Vista a execución do orzamento 2011, en data 20 de xullo de 2011, e analizados os saldos dipoñibles nas distintas partidas orzamentarias dentro de cada área de gasto, observáse a necesidade de transferir crédito entre as distintas partidas das áreas de gasto, xa que nalgunhas existe un saldo disponible que excede do que se prevé que se vai a gastar, mentras que noutras partidas ese saldo considerase insuficiente para facer fronte aos gastos que se pretende executar no que resta do exercicio de 2011.

Dentro das competencias que con carácter indispoñible asigna aos Municipios o artigo 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, atópase á relativa ás vías e camiños municipais, competencia que se convirte ademási en un servizo de obrigada prestación en atención o artigo 26.1º.a) da lexislación básica.

O Concello de Paradela conta cunha extensa rede viaria o que obriga a realizar unha constante labor de mantemento e conservación que en moitas ocasións ten cabida en distintos plans e convenios asinados con outras administracións públicas, pero dada a súa importancia para o desenvolvemento da vida neste municipio rural, en outras ocasión esixe levar a cabo prontas actuacións que eviten os perxuizos que aos veciños lles poida ocasionar.

Desta forma propónse realizar unha modificación do orzamento, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, por importe de 19.798,45 euros, co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Gastos:

| Partida | | Descripción | Importe Euros |
|-----------|-----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Funcional | Económica | | |
| 4 | 21 | Actuacións de carácter económico. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento e conservación. | 6.000,00 € |
| 4 | 61 | Actuacións de carácter económico. Inversión de reposición en infraestructuras e bens destinados ao xeral | 13.798,45 € |

Baixa en partida de gastos:

| Partida | | Descripción | Importe Euros |
|-----------|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Funcional | Económica | | |
| 1 | 61 | Servizos públicos básicos. Inversión de reposición en infraestructuras e bens destinados ao xeral | 6.798,45 € |
| 1 | 63 | Servizos públicos básicos. Inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos | 5.000,00 € |
| 2 | 22 | Actuacións de protección e promoción social. Gastos correntes en bens e servizos. | 6.000,00 € |
| 9 | 63 | Actuacións de carácter xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos | 2.000,00 € |

En base a normativa citada, e ao informe emitido pola Secretaría Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte Proposta:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 13/2011, primeira de competencia de Pleno, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre partidas de gastos de distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte resume:

Créditos a minorar:

| Partida orzamentaria | Denominación | Crédito Inicial | Modificación importe | Crédito Final |
|----------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|----------------------|---------------|
| 1.61 | Servizos públicos básicos. Inversión de reposición en infraestructuras e bens destinados ao xeral | 10.000,00 € | 6.798,45 € | 3.201,55 € |
| 1.63 | Servizos públicos básicos. Inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos | 5.000,00 € | 5.000,00 € | 0,00 € |
| 2.22 | Actuacións de protección e promoción social. Gastos correntes en bens e servizos. | 25.000,00 € | 6.000,00 € | 19.000,00 € |
| 9.63 | Actuacións de carácter xeral. Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos | 2.000,00 € | 2.000,00 € | 0,00 € |

Créditos a incrementar:

| Partida orzamentaria | Denominación | Crédito Inicial | Modificación importe | Crédito Final |
|----------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|----------------------|---------------|
| 4.21 | Actuacións de carácter económico. Gastos correntes en bens e servizos. Reparacións, mantemento conservación | 12.000,00€ | 6.000,00 € | 18.000,00 € |
| 4.61 | Actuacións de carácter económico. Inversión reposición infraestructuras e bens destinados ao xeral | 123.000,00 € | 13.798,45 € | 136.798,45 € |

SEGUNDO.- Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

Toma a palabra o Concelleiro do Grupo Municipal Socialista, D. Guillermo Castro González dicindo que parece que o orzamento non foi moi ben feito, xa que hai que modificálo a mediados de ano, se fóra a finais de ano tería máis explicación.

O Sr. Alcalde resposta que todo o contrario, xa que non se espera a final de ano, senón que se prevé a modificación cando hai constancia de partidas que non se van utilizar mentras que noutras é necesario un maior crédito.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola maioría absoluta dos membros da Corporación, cos votos a favor dos nove Concelleiros do Grupo Municipal Popular e a abstención do membro do Grupo Municipal Socialista que asiste ao Pleno, sendo once o número legal de membros.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente nen se formulou rogo ou pregunta algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e dez minutos do vinte e oito de xullo de dous mil once, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor